

A partir destes 4 textos, elabora un comentario sobre as diferencias entre as ideas políticas do Antigo Réxime e da Ilustración . así como das consecuencias que van a ter no futuro:

O poder soberano só reside na miña persoa; é só por min polo que os meus tribunais existen e teñen autoridade, e como eles exercen no meu nome, o seu uso non se pode volver contra min; o poder lexislativo só é meu, sen nengunha dependencia nin ningunha partición (...); a orde pública completa emana de min, e os dereitos e os intereses da miña nación (...) repousan nas miñas mans.

Discurso de Luis XIV pronunciado ante o Parlamento de París (1661)

Deus establece os reis como os seus ministros e reina a través deles sobre os pobos (...) Os príncipes actúan pos , coma ministros de Deus e os seus lugartenentes na Terra. Por iso vimos que o trono real non é un trono dun home, senón o trono de Deus mesmo (...)

A persoa do rei é sagrada, e cometer atentados contra el é sacrilexio (...) Convén polo tanto respectar ós reis como cousas sagradas, e quen non queira respectalos nen protexelos é digno de morte.

BOSSUET, J.B.: Política deducida das propias palabras da Sagrada Escritura, 1.709

O gran final para o cal os homes forman sociedades é gozar dos seus bens na paz e na seguridade. (...) Establecer leis nesa sociedade constitúe o mellor medio para vrealizar ese fin. (...) S e desaparece a lei, a tiranía comenza se hai trasgresións ou perxuízo dos demais. D o mesmo xeito, toda persoa no poder que abusa da autoridade concedida pola lei cesa por isto de ser un maxistrado. E , posto que xa non posúe autoridade, é lexítimo rebelarse contra el, como contra todo home que viola pola forza os dereitos doutro.

Locke, J.: Dos ensaios sobre o poder civil, 1690

“En cada Estado hai tres clases de poderes: o lexislativo, o executivo das cousas pertencentes ó dereito de xentes, e o executivo das que pertencen ó civil.

Polo primeiro, o príncipe ou o maxistrado fai as leis para certo tempo ou para sempre, e corrixe ou deroga as que están feitas. Polo segundo, fai a paz ou a guerra, envía ou recibe embaixadores, establece a seguridade e prevén as invasións; e polo terceiro, castiga os crimes ou decide as contiendas dos particulares. Este último chamarase poder xudicial; e o outro, simplemente, poder executivo do Estado (...).

Cando os poderes lexislativo e executivo se encontran reunidos nunha mesma persoa ou corporación, entón non ha iliberdade, porque é de temer que o monarca ou o senado fagan leis tiránicas para executalas do mesmo modo.

Así sucede tamén cando o poder xudicial non está separado do poder lexislativo e do executivo. Estando unido ó primeiro, o imperio sobre a vida e a liberdade dos cidadáns sería arbitrario, por ser un mesmo o xuíz e o lexislador e, estando unido ó segundo, sería tiránico, por canto gozaría o xuíz da forza mesma que un agresor. No Estado no que un home so, ou unha soa corporación de próceres, ou de nobles, o do pobo administrase os tres poderes, e tivese a facultade de facer as leis, de executar as resolucións públicas e de xuzgar os crimes e contiendas dos particulares, todo se perdería enteiramente.”

Montesquieu. O espírito das leis. 1748.